

Facémonos maiores...

Pois si, imos medrando e imos pensando en que queremos ser 'de maiores'. Ata agora, o exemplo máis preto que temos é o que fan as nosas familias.

E, por iso, para mergurllarnos neste proxecto, imos de novo a animarvos a acompañar aos vosos nenos ou nenas.

Podedes vir ao cole un ratiño a falarnos do voso traballo, enviar algo en soporte fotográfico (fotografía, mural feito en familia...), audiovisual (un vídeo, un audio contando o que facedes...) ou incluso algo que empregades a diario. Porfa, animádevos, tedes opcións!

Con todo isto, durante as próximas semanas iremos coñecendo as diferentes profesións, os medios de transporte empregados, as diferentes medidas que se empregan nalgunhas (quilogramos, gramos, metros, centímetros), as horas de traballo (as horas, os minutos...) e incluso experimentando algunhas delas.

Ademais, avanzaremos sumando e coñecendo a través dos contos, diferentes fábulas e moralexas.